

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2024 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes recollido na Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa Moves III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN421Q e IN421R).

Os programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (Moves III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo están regulados polo Real decreto 266/2021, do 13 de abril, e foron convocados en Galicia mediante a Resolución do Inega do 26 de xullo de 2021, publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 149, do 5 de agosto.

A Resolución do Inega, do 26 de xullo de 2021, pola que se convoca o Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (Moves III) foi modificada pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG núm. 207, do 27 de outubro); pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG núm. 8, do 13 de xaneiro); pola Resolución do 13 de outubro de 2022 (DOG núm. 201, do 21 de outubro); pola Resolución do 12 de xuño de 2023 (DOG núm. 116, do 20 de xuño); pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (DOG núm. 243, do 26 de decembro) e pola Resolución do 6 de xuño de 2024 (DOG núm. 115, do 14 de xuño). Ademais, actualmente estase tramitando unha redistribución do crédito asignado aos programas. Conforme a Resolución do 15 de decembro de 2023 o prazo de presentación de solicitudes ampliouse ata o 31 de xullo de 2024.

O 27 de xuño de 2024 publícase no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) o Real decreto lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e adóptanse medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social, entre as cales, no artigo 27, amplíase a vixencia do Real decreto 266/2021 ata o 31 de decembro de 2024.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 28 do Estatuto de autonomía, das facultades conferidas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co sinalado no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.



RESOLVO:

Primeiro. Modificar a Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa Moves III), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU (códigos de procedemento IN421Q e IN421R) nos seguintes termos:

Un. O punto 3 do artigo 6 queda redactado como segue:

«3. Prazo para presentar as solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará o día hábil seguinte ao da publicación no DOG da presente convocatoria e finalizará cando remate a vixencia do programa Moves III en Galicia, o cal sucederá, segundo o recollido no artigo 4 do Real decreto 266/2021, o 31 de decembro de 2024.

Para solicitar a súa adhesión terán que cubrir e presentar o formulario de adhesión (anexo I)».

Dous. O punto 2 do artigo 7 queda redactado como segue:

«2. O prazo de presentación de solicitudes comezará as 9.00 horas do día 13 de setembro de 2021 e rematará o 31 de decembro de 2024».

Segundo. Esta modificación entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2024

Pablo Fernández Vila
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

